



## UNIDADE 4

# Día a día

Móstrelles aos seus estudantes a imaxe da portada e pregúntelles onde se atopa a muller. Acepte respostas como **na rúa** ou **fóra da casa**. Interésese a continuación por saber para que saen os seus alumnos e alumnas da casa normalmente e tome nota no encerado do que lle digan (**para ir a clase, para facer a compra...**).

Chame despois a atención dos seus estudantes sobre o que leva a muller (un paraugas e un bolso). Aproveite para comentar se coñecen o tópico de que en Galicia chove moito e pregúntelles a continuación que obxectos ou complementos adoitan levar eles cando saen á rúa.

Por último, presente os obxectivos da unidade e a tarefa final: coñecer os hábitos dos compañeiros e compañeiras da clase.



## 1. ESTUDAS OU TRABALLAS?

**Escoitar o que fan unhas persoas durante o día. Falar do que fan eles mesmos.**

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

Con esta actividade, preténdese introducir o estudante no tema da unidade, os hábitos, e proporcionar un primeiro achegamento aos expoñentes que se estudarán nela (a expresión da hora, a secuenciación de actividades...). Limite a explotación á proposta no libro ou, se a situación de aprendizaxe dos seus estudantes é idónea, realice un traballo máis a fondo de vocabulario; para iso pode empregar a transcripción (páxinas 152 e 153 do libro do alumno).

### ANTES DE EMPEZAR

Para facer unha pequena preparación de cara á escoita do que unhas persoas fan no seu día a día, pode propoñerlles aos seus alumnos e alumnas que miren as fotografías da páxina 34 e preguntarlles se entenden a que se dedica cada unha desas persoas. Logo, pídalles que anoten nos seus cadernos tres palabras que asocien con cada unha desas ocupacións. Anímeos/as a empregar o dicionario e déixelles un minuto. Faga unha posta en común e recolla no encerado o que lle digan (é esperable que aparezan palabras recollidas nas gravacións, como **universidade, construción, laboratorio, clínica...**).

### PROCEDEMENTOS

**A.** Anúncielles aos seus estudantes que van escoitar as persoas das fotografías falando sobre o que fan durante o día. Pídalles que, durante a escoita, escriban o número de cada conversa no lugar correspondente. Se fose conveniente, dígalles que intenten detectar nas conversas algunhas das palabras anotadas no encerado.

### Solución

1. Pepe
2. Xosefa
3. Xosé
4. Chicho
5. Raquel
6. Laura

**B.** Pregúntelles agora que é o que fan eles durante o día de maneira habitual. Anímeos/as a que o comenten en parellas. Pasee pola clase axudándolles no necesario.

### E DESPOIS

Faga referencia ao título da actividade. Pregúntelles aos seus alumnos e alumnas se na/s súa/s lingua/s existe unha expresión semellante e, se é así, para que se usa. Comente, de ser necesario, que en galego a expresión

**estudas ou traballas?** se asocia a unha situación de moceo prototípica, cómica quizais hoxe en día. Se vostede ten alumnos e alumnas galegas, pídalles que comenten directamente con que asocian esa expresión.

## 2. A OFICINA DE XOÁN

**Deducir o nome duns personaxes a partir duns debuxos e duns textos. Tirar conclusións sobre a súa forma de ser. Falar sobre as características propias.**

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

Na primeira parte do punto A, os seus estudantes terán que escribir o nome duns personaxes no lugar correspondente, asociándoo ao texto e á ilustración adecuados. Para iso, poden fixarse tanto nos debuxos coma nas palabras clave das descrições.

No punto B, pídeselles aos estudantes que constrúan diferentes exemplos sobre eles mesmos expresando a súa superioridade en algo dentro dun grupo concreto. Aproveite para que o seu alumnado repare nas diferenzas entre este tipo de comparación e a que viron na unidade anterior (entre dous ou máis elementos).

### ANTES DE EMPEZAR

Dígalles aos seus alumnos e alumnas que van facer unha actividade na que os protagonistas son compañeiros e compañeiras de traballo nunha empresa. Remítaos á ficha onde se atopan os nomes e o posto que ocupa cada un. Pídalles que, en parellas e coa axuda do dicionario, escriban cales cren que son as funcións que desempeñan os diferentes traballadores.

Déixelles uns minutos e, despois, faga unha posta en común.

### PROCEDEMENTOS

**A.** Coméntelles agora aos seus estudantes que esas persoas teñen costumes moi diferentes. Pídalles que, a partir da observación dos debuxos e da lectura da descrición que se ofrece de cada un, escriban cada nome onde lle corresponda.

### Solución

- |             |           |
|-------------|-----------|
| a. Evaristo | b. Mónica |
| c. Ramón    | d. Marta  |
| e. Rosa     | f. Marcos |

**B.** Remítaos agora á ficha verde, na que se ofrece a estrutura e anímeos a que, nos seus cadernos, escriban frases sobre eles mesmos expresando aquilo no que destacan dentro dos grupos propostos (familia, traballo...). Aclare que non só poden empregar os adxectivos que saíron no punto anterior: poden consultar o dicionario ou preguntarlle a vostede para expresar a característica que precisen. Faga que comenten os seus exemplos en parella e, se lle parece conveniente, invíteos despois a comentar na clase aberta aquilo que máis lles chamou a atención sobre o compañeiro ou compañeira.



## 3. UN DÍA NORMAL

**Aprender a dicir a hora en galego. Formular hipóteses sobre as horas ás que unha persoa realiza unha serie de accións. Observar o funcionamento dos verbos reflexivos.**

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade invítanse os seus estudantes a descubrir como expresar as horas en galego. Axúdelles a extraer as súas propias conclusións e, aínda que o libro ofrece a opción **ás nove menos vinte**, se lle parece conveniente, pode comentar que tamén existe a alternativa **oito (e) corenta**, sinalando que esta é unha forma máis común en servizos públicos.

Os seus alumnos e alumnas aprenderán tamén recursos para referirse a diferentes momentos do día e a vocabulario de hábitos. Se antes de realizar o punto B, vostede considera necesario presentar algún vocabulario básico deste ámbito, proporciónelles aos seus estudantes fotocopias da **ficha 7** e pídalles que ordenen cronoloxicamente as accións ilustradas.

### ANTES DE EMPEZAR

Escriba a palabra **reloxo** no encerado e pregunte que significa. Se ningún dos seus estudantes o souberse, mostre as fotografías do punto **A**.

### PROCEDEMENTOS

**A.** Móstralles os reloxos das imaxes e lea en voz alta a hora que marca cada un deles. Pregúntelles que estruturas observan e déalles tempo para que vexan o uso de **e** e de **menos**.

Se quere seguir traballando a hora, fotocopie e reparta a **ficha 8**. Antes de facer unha posta en común, déixelles comparar en parellas as súas respostas.

**B.** Presente a Maruxa, unha rapaza que traballa nunha axencia de viaxes en Ferrol dende hai pouco tempo. Dígalles aos seus estudantes que na columna da esquerda teñen unha lista das cousas que Maruxa adoita facer cada día. Fágalles notar que están en orde cronolóxica.

Pregúntelles aos seus estudantes que diferenza cren que hai entre **as oito e media da mañá** e **as oito e media da noite**. Escriba no encerado as outras partes do día, da tarde e do mediodía. A continuación, pregúntelles: **a que hora se ergue Maruxa?** e sinale a lista de horas da columna da dereita. Pídalles que fagan o mesmo co resto de actividades e horas.

Déalles tempo para facelo individualmente e, despois, pídalles que comparen as súas respostas en parellas. Móstralles o modelo de lingua do libro.

De ser necesario, chame a atención dos seus estudantes sobre a diferenza entre **as nove** e **ás nove**. A primeira emprégase para dicir a hora; a segunda, para situar unha acción nunha hora determinada. Aclare tamén que a forma **ás** resulta de **a + as**.

**C.** Dígalles aos seus estudantes que, para comprobar as súas hipóteses, van escoitar a Maruxa falando da súa rutina diaria.

### Solución

*Érguese ás oito e media da mañá.*

*Almorza ás nove da mañá.*

*Sae da casa ás nove e media da mañá.*

*Comeza a traballar ás dez da mañá.*

*Xanta ás dúas do mediodía.*

*Volve ao traballo ás catro da tarde.*

*Sae do traballo ás oito da tarde.*

*Chega á casa ás oito e media da noite.*

*Cea ás dez da noite.*

*Déitase ás doce e media da noite.*

Por último, repase cos seus alumnos e alumnas as epígrafes “A hora e os días da semana” e “Situación no día” da páxina de gramática.

**D.** Escriba o verbo **erguerse** no encerado e pregúntelles aos seus alumnos e alumnas que ten en común con **chamarse** (os dous son verbos reflexivos). Pídalles que intenten atopar nas actividades anteriores máis exemplos deste tipo de verbos. Indíquelles que poden consultar as transcripcións da actividade 1 (páxinas 152 e 153). Anímeos/as a comparar as súas listas en parellas antes de facer unha posta en común.

### Solución

*Retocarse, deitarse, levantarse*

### MÁIS EXERCICIOS

Páxina 111, exercicios 1 e 2.

Páxina 112, exercicio 3.

## 4. QUE ESTAN FACENDO?

**Identificar a perífrase *estar* + xerundio e reflexionar sobre a súa formación e uso.**

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade preséntase a perífrase **estar** + xerundio e os seus valores. No punto A, esta estrutura aparece en contraste co presente de indicativo. No punto B, invítase o alumnado a deducir a formación do xerundio, forma non persoal que ven por primeira vez.




Na páxina de gramática, ofrécese como alternativa a **estar** + xerundio a perífrase **estar a + infinitivo**. Decida vostede o momento oportuno para comentarlles aos seus estudantes a existencia das dúas posibilidades para referirse a unha acción en proceso ou a unha situación presente que presentamos como temporal ou non definitiva.

**ANTES DE EMPEZAR**

Camiñe pola clase e pregúntelles aos seus estudantes: **Que estou facendo?** É probable que respondan co infinitivo (camiñar ou andar) se realmente descoñecen a perífrase **estar** + xerundio. En calquera caso, escriba no encerado a resposta que busca: **estou camiñando** (ou **andando**).

**PROCEDEMENTOS**

**A.** Pídalles que lean atentamente as dez frases da actividade e que completen o cadro, segundo as diferentes maneiras nas que se fai referencia a un momento presente. Antes de comezar, aclare os tres tipos de accións coa axuda da representación temporal que lle ofrecemos no seguinte cadro.

Accións...			
	... que suceden no momento no que falamos	... que presentamos como habituais	... que presentamos como temporais
			
	AGORA	AGORA	AGORA
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			

Para unha maior comprensión por parte dos seus alumnos e alumnas, recomendámoslles que, entre todos, marquen na casa correspondente a opción correcta para as tres primeiras frases. O resto da actividade pódena realizar en parellas.

**Solución**

1. A    2. C    3. B    4. C    5. A  
6. A    7. B    8. A    9. C    10. B

**B.** Pídalles agora aos seus estudantes que escriban nos seus cadernos todos os xerundios que aparecen nas frases do punto A e, ao lado, os infinitivos correspondentes, para intentar deducir como se forma o xerundio. Para facer a corrección, remítaos á epígrafe “Formación do xerundio” da páxina de gramática. No encerado, escriba

os seguintes exemplos para acabar de ilustrar a formación desta forma non persoal:

- Falando:** falar + ando  
**Bebendo:** beber + endo  
**Dicindo:** dicir + indo

**MÁIS EXERCICIOS**

Páxina 112, exercicios 4 e 5.



**5. HORARIOS DE TRABAJO**

**Ler un artigo e buscar coincidencias coas persoas dos textos.**

**ANTES DE EMPEZAR**

Escriba no encerado a palabra **horarios** e pregúntelles aos seus estudantes se saben a que se refire. Despois de aclarar o significado, pregúntelles como cren que son os horarios de traballo en Galicia. Deixe que especulen e formulen hipóteses.

**PROCEDEMENTOS**

**A.** Presente as tres persoas das fotografías, a súa idade e a súa profesión e invite os seus estudantes a ler o artigo sobre os seus horarios de traballo. Pídalles que lean os textos e que os relacionen con cada unha desas tres persoas. Teñen que escribir a letra correspondente na casa que aparece antes do nome de cada un.

**Solución**

- A. *Xaquín*                      B. *Tareixa*                      C. *Adina*

**B.** Interésese agora por saber con cal das tres persoas coinciden máis en horarios os seus estudantes. Pídalles que escriban como mínimo tres frases. Remítaos á mostra de lingua para que se fixen na anteposición do pronome reflexivo provocada pola aparición da palabra **tamén**.

**C.** Agora, dígalles que teñen uns minutos para atopar na clase unha persoa que faga tres cousas á mesma hora ca eles. Para a posta en común, faga que primeiro expliquen con cal das tres persoas do artigo coinciden máis e, despois, con cal dos seus compañeiros e compañeiras.

**E DESPOIS**

Pídalles aos seus alumnos e alumnas que pechen o libro. Faga que formen parellas e reparta copias da **ficha 9**. Dígalles que cada un ten que completar un dos textos coas horas que faltan. Para iso, teñen que facerlle preguntas ao compañeiro ou compañeira, xa que un ten a información que lle falta ao outro.

## 6. PRIMEIRO, DESPOIS, LOGO

**Ordenar as cousas que fan cada mañá.**

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

Mentres que na actividade anterior os seus alumnos e alumnas practicaron a expresión de hábitos indicando as horas ás que as fan, nesta actividade practicarán a secuenciación dalgunhas accións sen ter que facer referencia ás horas.

### ANTES DE EMPEZAR

Pídalles aos seus estudantes que lle digan todo o que fan polas mañás antes de saíren da casa, por exemplo: **vestirse**. Permítalles empregar o dicionario se o necesitan e recolla as súas respostas no encerado. Complete a lista coas palabras que aparecen no libro, de ser necesario.

### PROCEDEMENTOS

**A.** Móstrelles a lista do libro ou a que fixeron entre todos e todas no encerado e sinala o título da actividade. Pregúntelles: **Que facedes primeiro? E despois?** Deixe claro que as partículas para secuenciar *despois* e *logo* son intercambiáveis. A continuación, pídalles que ordenen a lista de accións segundo os seus propios hábitos.

**B.** Indíquelles que agora teñen que contarlle a un compañeiro ou compañeira en que orde fan esas cousas pola mañá e que, entre os dous, atopen diferenzas que lles parezan curiosas para contarllas logo ao resto dos compañeiros e compañeiras. Remítaos á mostra de lingua do libro. Déalles tempo e, despois, faga unha posta en común con toda a clase.

**C.** Diga: **Eu, normalmente, fago a cama primeiro e despois almorzo, pero as fins de semana almorzo tranquilamente primeiro, despois dúchome e logo fago a cama...** ou algunha frase similar que se corresponda coa súa realidade. Pregúntelles se eles fan o mesmo os días laborables (de luns a venres) que as fins de semana. Pídalles que o comenten cun compañeiro ou compañeira. Pasee pola clase para escoitar as producións dos seus estudantes e para axudarlles, de ser necesario.

### E DESPOIS

Pídalles aos seus alumnos e alumnas que, nunha folla solta, escriban o que fan cando chegan á casa pola noite e en que orde o fan. Déalles un par de minutos, recolla os papeis e repártaos de tal maneira que a ninguén lle toque o que escribiu. Pídalles que lean o papel que lles tocou e que escriban de quen pensan que pode ser. Por último, faga unha posta en común para comprobar se acertaron.

## 7. EU TAMÉN

**Reaccionar ante o que din outros estudantes para mellorar o seu galego.**

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

Esta actividade pretende que os seus alumnos e alumnas practiquen como reaccionar ante unha serie de afirmacións e que expresen coincidencia ou non con elas.

Ademais, vostede pode aproveitar o contexto presentado para fomentar a reflexión sobre as diferentes estratexias e estilos de aprendizaxe.

### ANTES DE EMPEZAR

Pregúntelles aos seus estudantes que cousas pensan que poden facer para mellorar o seu nivel de galego. Déalles tempo para que o pensen e poidan dicir algunhas cousas. Despois, anúncielles que van escoitar unha serie de estudantes de galego que contan o que fan eles.

### PROCEDEMENTOS

**A.** Poña a gravación e pídalles que reaccionen expresando se coinciden ou non co que oíron. Remítaos ao cadro coas posibles respostas e asegúrese de que entenden o seu uso a partir dalgúns exemplos no encerado. Poña a gravación outra vez, se fose necesario, e faga unha posta en común.

**B.** Pregúntelles agora aos seus estudantes se eles fan algunha outra cousa para mellorar o seu galego que non se mencionase ata agora. Déalles a oportunidade de explicarllo ao resto dos compañeiros e compañeiras. Se o considera necesario, tome nota no encerado.

## 8. PREMIOS

**Formular preguntas para determinar a que compañeiros e compañeiras lles outorgan unha serie de premios.**

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

Para levar a cabo esta actividade, os seus estudantes terán que empregar os contidos presentados e exercitados ao longo da unidade. Porén, déalles liberdade para usar, se o desexan, os seus propios procedementos para chegar a determinar quen merece cada un dos premios.

### ANTES DE EMPEZAR

Fotocopie, amplíe e recorte os trofeos da **ficha 10**. Péguenos nunha cartolina e móstrellelos aos seus estudantes (pídalles previamente que pechen os seus libros). Escriba no encerado **premio** e **trofeo** e explique o que son.

Copie o nome dos premios no encerado e pídalles que, en parellas, digan para cal dos premios foi deseñado cada un dos trofeos. Por exemplo, mostre o da cama e pregunte en que cren que destaca a persoa que recibe ese trofeo. Déalles un par de minutos para que o decidan en parellas e, a continuación, faga unha posta en común. Finalmente, pídalles que abran o libro pola páxina 39 e que comprobren as súas hipóteses.

### PROCEDEMENTOS

**A.** Pídalles ás mesmas parellas de antes que escollan un premio para llo entregar a unha persoa da clase. Procure que os premios non se repitan e que se entreguen todos.

Entréguelle a cada parella o trofeo de papel que lle corresponda.

A continuación, pídalles que escriban as preguntas que consideren necesarias para facérllelas aos compañeiros e compañeiras e descubrir quen merece máis o premio. Pode mostrarlles a ficha que aparece na parte inferior da páxina como modelo para as preguntas. Déalles tempo e pase polas mesas para axudar e supervisar o traballo de cada parella.

**B.** Pídalles que se levanten e que lles fagan as preguntas que pensaron aos compañeiros e compañeiras. Déalles tempo para obter todas as respostas que precisan.

**C.** Pídalles que volvan sentar e que cada parella delibere para decidir a quen lle entregan o premio. Finalmente, pídalles que lles comuniquen aos compañeiros e compañeiras a súa decisión seguindo o modelo do libro e que fagan entrega do trofeo de papel.



## 9. ESTADÍSTICA

**Ler unha estatística sobre as actividades que fan os galegos e as galegas no seu tempo libre. Dicar se coincide co que fan os galegos que coñecen ou co que fai a xente do seu país. Falar da frecuencia coa que realizan unha serie de actividades de ocio.**

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

É importante que os seus alumnos e alumnas sexan conscientes de que as actividades de tempo libre que aparecen se refiren ao tempo libre dos galegos e das galegas nos días laborables, non nas fins de semana.

### ANTES DE EMPEZAR

Pídale a un estudante que abra o libro pola páxina 40 e que lea en silencio as actividades de ocio nas que os galegos e as galegas empregan o seu tempo nos días laborables. Mentres, pídale ao resto que diga, sen mirar o libro, todas as actividades que se lles ocorran nas que ocupar o tempo fóra do traballo. Explíquelles ao alumno que leu as actividades do libro que sinale todas as que dixeron os seus compañeiros e compañeiras e que diga se houbo moitas coincidencias.

### PROCEDEMENTOS

**A.** Pídalles agora aos seus alumnos e alumnas que lean a estatística da páxina 40 de maneira individual e que, logo, comenten na clase aberta se esa clasificación coincide co comportamento dos galegos e galegas que coñecen. Se os seus estudantes non teñen contacto con ningún galego, pídalles que comenten se pensan que esa información é válida tamén para a xente do seu país.

**B.** Anídeos a comentar en parellas con que frecuencia fan eles as actividades do punto **A**. Remítaos á mostra de lingua para ofrecerlles un modelo.

Déalles tempo para facelo e, cando rematen, interétese por saber se hai cousas que fan en Galicia e non no seu país de orixe, ou viceversa, no caso de que os seus alumnos e alumnas se atopen na comunidade galega.

### E DESPOIS

Pode suxerirlles aos seus estudantes que, entre todos, elaboren unha estatística de emprego do tempo libre das persoas da clase os días laborables. Déalles algúns modelos de preguntas: **Ves a televisión todos os días entre semana? Con que frecuencia saes cos amigos e amigas? Vas moito ao cine?**

## 10. GALEGOS NO ESTRANXEIRO

**Ler o que fan tres galegos que viven no estranxeiro. Contrastar hábitos dos galegos e das galegas cos da xente doutros países.**

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

Aínda que xa se contempla nos enunciados dos diferentes puntos, teña en conta a situación na que se atopan os seus estudantes (se son galegos, se se atopan en Galicia ou non, se coñecen ou teñen contacto con galegos...) á hora de pór en práctica esta actividade.

### ANTES DE EMPEZAR

Provoque un pequeno debate sobre o feito de vivir nun país estranxeiro e manter o mesmo estilo de vida que no país de orixe ou adaptalo á nova situación. Aclare que non se refire a cuestións profundas, senón a cousas como os horarios das comidas, de erguerse e de deitarse etc.

### PROCEDEMENTOS

**A.** Presente a Asunción, Martiño e Xavier. Diga que son tres galegos que viven no estranxeiro. No caso de que os seus estudantes vivan ou estean en Galicia, pregúntelles que diferenzas atopan entre os hábitos desas tres persoas e os hábitos que observan eles nos galegos e nas galegas.

**B.** Agora, en parellas, anídeos a comentar as diferenzas que encontran entre os hábitos que observan nos galegos e nos doutras nacionalidades que coñezan. Se vostede o considera necesario, abra a actividade a toda a clase en lugar de levala a cabo por parellas.

**C.** Se os seus estudantes nunca viviron en Galicia, pídalles que comenten, por parellas, o que máis lles chamou a atención dos hábitos dos galegos e das galegas que apareceron ao longo da unidade.